

O asociacionismo en Culleredo na Segunda República

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

Na historia contemporánea de Culleredo, son os períodos de liberdade política os máis froitíferos no que respecta á dinamización social, ó espallamento de novos idearios, ó florecemento de asociacións de toda caste: 1907-8, a II República, os tempos actuais. Nos períodos dictatoriais, o movemento asociativo é testemuñal ou só se circunscribe a ámbitos da vida comunitaria pouco conflictivos: deportes, seguros mutuos, etc.

Os anos da II República, relativamente recentes, permanecen todavía, en boa medida, mergullados nun océano de silencios e de temores, de complicidades culpábeis e de esforzos por esquece-lo sufrimento. Paradoxicamente, son as novas xeracións, as que non viviron nin a República nin a guerra incivil, as que tentan resgatar, para a memoria histórica, os acontecementos, os homes ou as sociedades desta época. Hai un sentimento de orfandade, hai un oco que encher, hai unhas biografías que limpar, hai unhas infamias que esclarecer, hai uns estigmas que borrar para sempre.

Como historiador que adica boa parte do seu tempo a pescudar no pasado histórico do concello de Culleredo, sentímo-la necesidade de restaurar, dispoñendo inicialmente de só algúns fíos, a tea elaborada polos homes e mulleres deste concello mariñán durante a II República. Houbo que ir buscar retallos (o que na profesión chamamos **fontes**) a moitos almacéns, os que gardan fragmentos da Historia que logo hai que recompoñer, como un crebacabezas. Os arquivos, as bibliotecas, as hemerotecas ou as persoas, proporcionáronnos inxentes cantidades de información, que tivemos a oportunidade de dar a coñecer cando diriximos, en novembro de 1996, organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo¹ o *2º Seminario de Historia de Culleredo*, adicado nesta ocasión, monograficamente, ó tema de «A Segunda República e a Guerra Civil», no que participaron destacados especialistas galegos como Bernardo Máiz, Emilio Grandío, Luis Lamela e Dionisio Pereira, ademais do autor.

Un dos apartados da conferencia que nos tocou pronunciar, «A Segunda República e a Guerra Civil en Culleredo», versaba sobre o tema deste artigo: o asociacionismo.

*Carlos Pereira Martínez é licenciado en Xeografía e Historia, realizando na actualidade a súa tese de doutoramento na U.N.E.D. sobre «A Orde do Temple nos reinos de Galiza e León». É numerario da «Sociedad Española de Estudios Medievales» e funcionario do concello de Culleredo, no que é secretario da Comisión Municipal de Patrimonio Histórico e realiza traballos de investigación sobre a historia deste municipio.

¹Esta Concellería, na tarefa de recuperación para a memoria colectiva o que significou a época republicana, organizara xa o 13 de abril de 1996 uns actos de homenaxe ó Presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, en conmemoración da súa visita oficial a Culleredo o 10 de agosto de 1934, ó que asistiron o alcalde de Priego de Córdoba, Tomás Delgado Toro, o director do «Patronato Niceto Alcalá-Zamora y Torres», Enrique Alcalá Ortiz, un pariente do presidente, Emilio Alcalá-Zamora Matilla, o alcalde de Culleredo, Julio Sacristán de Diego e o concelleiro de Cultura, Celestino Poza Domínguez. Descubríronse as placas dunha avenida adicada ó destacado político republicano, abriuse unha exposición fotográfica sobre a súa vida, entre outros actos.

Non queremos, neste momento, ser exhaustivos, posto que, debido á información da que dispomos, habería material para un libro. Por iso, limitámonos a mencionalas asociacións que existiron en Culleredo neste período histórico e as persoas que as promoveron inicialmente; só nalguna ocasión, cando a personalidade dalgún dos protagonistas o suscite, faremos unha reseña biográfica.

Sería agora excesivamente prolixo enumerar polo miúdo as fontes documentais utilizadas. No que se refire ó asociacionismo, proceden básicamente dos fondos do Goberno Civil da Coruña, depositados no Arquivo do Reino de Galicia, especialmente os «Libros de Rexistros de Asociacións», os «Libros Rexistro de Entrada e Saída» dalgúns organismos, especialmente Orde Público, os «Expedentes de Asociacións Políticas, Recreativas...», e, nalgún caso, os «Expedentes de Concellos». Para a consulta existe un Catálogo bastante detallado á disposición das persoas interesadas.

Tamén foron de utilidade os «Libros de Actas de Plenos da Corporación Municipal de Culleredo», de 1931 a 1936, depositados no Arquivo Municipal de Culleredo.

Na Biblioteca de Estudos Locais da Coruña consultamos a colección de «La Voz de Galicia» dos anos da República, e os exemplares conservados de «El Noroeste» (moi poucos) ou «El Ideal Gallego» (tamén escasos).

Algúns cullerenses que viviron intensamente o momento nos forneceron dalgúns datos descoñecidos. Da bibliografía consultada, só as investigacións de Dionisio Pereira (algunha todavía inédita) fóronnos de utilidade á hora de recopilar información sobre o asociacionismo; noutros temas somos debedores de máis historiadores.

Para concluir esta introducción, queremos agradecer ó persoal dos organismos citados a súa amabilidade e colaboración, xa que, cando non é precisamente unha anécdota encontrarse moitas veces con excesivos atrancos e reservas, hai organismos públicos que teñen vocación de servir e que se rexen polo principio de que os fondos neles depositados son patrimonio de toda a sociedade.



Fig. 1.- Acto conmemorativo da visita de Niceto Alcalá-Zamora a Culleredo (13-IV-96). De esquerda a dereita, o autor, Celestino Poza, concelleiro de Cultura, Julio Sacristán, Alcalde de Culleredo, Tomás Delgado, Alcalde de Priego de Córdoba, Emilio Alcalá-Zamora, parente de Niceto, e Enrique Alcalá, director do Patronato Niceto Alcalá Zamora.



Fig. 2.- Conferencia de Dionisio Pereira durante a celebración do 2º Seminario de Historia de Culleredo (29-XI-96).



Fig. 3.- O Presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, visita a Casa Consistorial de Culleredo. Á dereita do Presidente, o Alcalde de Culleredo, Electo Carballo Matos, co bastón de mando. En primeiro término, o concelleiro José Prego (Unión Republicana). 10-VIII-1934.

RELACIÓN DE ASOCIACIÓNS

I. Organizacións políticas

En 1931 o partido hexemónico en Culleredo é a **Organización Republicana Gallega Autónoma (O.R.G.A.)**, dirixido por Santiago Casares Quiroga. A el pertencen tódolos concelleiros elexidos nas municipais de xuño de 1931, aínda que xa tiña un Comité Executivo funcionando no mes de abril, cando asumiu, en representación popular, o poder no concello. A súa composición era a seguinte: Presidente, Gerardo Puente Matalobos (sería posteriormente xuíz municipal); vicepresidente, Andrés Pan Vieiro (home de gran cultura, fora alcalde na Dictadura primorriverista); vocais, Felipe Mínguez Serrano (2º e logo 1º tenente de alcalde), Antonio Rubal Trigo (sería concelleiro entre xaneiro e marzo de 1936), Cándido Martínez Baldomir (1º tenente de alcalde), José Prego Gómez (concelleiro), Vicente Galán Becerra (1º síndico) e Ricardo Pose Patiño (síndico suplente). Tamén foron elexidos concelleiros pola O.R.G.A. Manuel Lastres Abente (médico, 1º alcalde republicano de Culleredo), Manuel García Eirís (3º tenente de alcalde), José Martínez Iglesias, Andrés Zas García, Isaac Rumbo Díaz, José Ferreiro Sexto, Manuel Puente Matalobos, Nicolás Uzal Campos, Manuel Candamio Fernández, Manuel Carballo Matos e Electo Carballo Matos (sería o 2º alcalde republicano).

A maioría debeu seguir logo no **Partido Republicano Gallego (P.R.G.)**, continuación da O.R.G.A. (nos debates da Asemblea de Concellos Pro-Estatuto, Electo Carballo, alcalde de Culleredo, intervén por este partido).

Tamén actuaban neste momento grupos monárquicos (apoiados por Del Moral ou Lage Lodos) e conservadores, que amañan un pucheirazo nas eleccións municipais, posteriormente anulado. Unha Comisión Xestora nomeada pola Conxunción Republicano-Socialista asumiu o poder ata a repetición das eleccións, no mes de xuño.

Decembro de 1932: Constitúese o **Partido Republicano Radical Socialista (P.R.R.S.)** en Culleredo, probablemente impulsado por Jesús Mejuto Vázquez, ex-mestre de Celas e Sésamo, director de **El Noroeste**, órgano desta formación política, dirixente da **Agrupación a la Tercera República** e tamén destacado político, anos despois, de **Unión Republicana**.

24-5-35. **Agrupación municipal de Izquierda Republicana** de Celas. Esta formación política, dirixida por Manuel Azaña, foi un dos pilares da Fronte Popular en Culleredo. Presidente, Juan Hermida Zas; secretario, Juan Sánchez Souto; tesoureiro, José Sánchez Souto; vocais, Ramón Calviño Rama e Benito Marta Ríos. Era tamén un dos promotores Manuel Gómez.

24-5-35. **Unión Regional de Derechas (C.E.D.A.) do Burgo**. Enderezo: Estrada de Madrid, 7. Presidente, Severino Lamas Calvelo (avogado do Estado, foi candidato da C.E.D.A. nas Eleccións Xerais de 1933); vicepresidente 1o, Florentino Baladrón Lobo; vicepres. 2o, José Delgado Novo; secretario, Manuel Pérez García; vicesecretario, Ramón Docampo García; tesoureiro, Arturo Porto Ramos; contador, Juan Longueira Canosa; vocais, Eladio Canedo Pazos, José Barcia Longueira, Antonio Buján Ares e Francisco Quiroga Cornes.

3-7-35. **Partido Agrario Español** de Culleredo. De ideoloxía conservadora. Enderezo: «Casa Fafián» (Culleredo). Promotores: Manuel Rodríguez, Juan Núñez Debén, Narciso Naya e Antonio ¿Molina?

2-6-35. Autorízase unha xuntanza da **Juventud Socialista de El Burgo**, pero non temos constancia de que chegara a legalizarse.

5-7-35. **Partido Agrario Español** de Orro. Conservador. Promotores: Francisco Parcerro, Basilio Palleiro e Sabino García.

Novembro de 1935: Vaise inaugurar axiña o local que as **Juventudes de Acción Popular (J.A.P.)**, da C.E.D.A., teñen no Burgo.

22-12-35. **Agrupación municipal de Izquierda Republicana** do Burgo. Presidente, José María Louzán (sería alcalde de Culleredo coa Fronte Popular); secretario, Pastor Vázquez Parga; vicepresidente, Manuel Riveiro Rodríguez; vicesecretario, Enrique Paz Varela; tesoureiro, Ramón Santiso García; contador, Antonio Blanco Barbeito; vocais: Isidro Silva Leiva, Alfonso Sabio Costa, Manuel Doldán Candal, Pedro Barbeito Veira e José García Rey (concelleiro coa Fronte Popular).

9-3-36. **Agrupación municipal de Izquierda Republicana** de Sueiro. Presidente, José Reboredo Precedo.

10-7-36. **Radio Comunista Comarcal de Vilaboa (Vilaboa, Corveira e Rutis)**. Apresentara o Regulamento o 29 de abril. Presidente, Eladio Freire García (foi un destacado político comunista provincial, candidato nas Eleccións Xerais de 1933, asiduo orador nas eleccións de febreiro de 1936, 1o tenente de alcalde de Culleredo coa Fronte Popular. Fuxido a Francia, regresou ás fileiras republicanas, sendo secretario de organización suplente da «Solidaridade Antifeixista Galega», en Barcelona).

O Partido Comunista xa viña funcionando en Culleredo dende comezos da República, organizándose mítines, fundando o **Club Obrero**, que logo veremos, e tentando controlar algunhas sociedades agrarias, en disputa coa C.N.T., cousa que conseguíran en Rutis).

Segundo algunhas testemuñas, parece que en 1936 había outro **grupo comunista en Almeiras**. O seu presidente sería Ramiro Pérez Mendez, o secretario Emilio Santos Sar, e pertencerían ó grupo José María Galán Becerra, Alfredo Iglesias Ramos, Antonio Mourinho Meis, Antonio Blanco Varela, Francisco Blanco Varela, Pedro Vázquez, Ricardo Doldán Canedo, José Manuel Iglesias Bartomé e Luís Carro Aradas. Sen descartar que algunha destas persoas fora do PCE, sabemos que outras estaban relacionadas coa C.N.T.



Fig. 4.- Directiva do "Ateneo de Rutis" en 1932.

Tamén había un **grupo comunista en Sésamo**, dirixido por Enrique Veira Castro. Pertencerían a este grupo Luciano García (o barbeiro), o seu irmán Isolino e Emilio Prego.

En 1935 había concelleiros que, militando primeiro na O.R.G.A., pertencían agora ó partido **Unión Republicana**, liderado por Diego Martínez Barrio; eran estes José Prego Gómez, Isaac Rumbo Díaz e José Ferreiro Sexto. Probabelmente algúns deles estiveran encadrados anteriormente nas fileiras do Partido Radical Socialista.

Tamén en 1935 había concelleiros que pertencían ó **Partido Radical** de Alejandro Lerroux; era o caso de Manuel Carballo Matos, Andrés Zas García, Manuel Candamio Fernández e Nicolás Uzal Campos, membros da O.R.G.A. anteriormente.

O **Partido Galeguista**, ó cal afiliouse en 1932 o primeiro alcalde republicano de Culleredo, o médico Manuel Lastres Abente, estivo a piques de constituír grupos en Celas e Sésamo, pero a cousa, polos problemas do 36, non chegaría a callar. En Celas celebraron un mitin o 14 de xullo de 1935, no que interviron os irmáns Ruano, Plácido Castro, Suárez Picallo (que tivo moitas xuntanzas no Burgo cando se constituíu a Fronte Popular) e Antón Vilar Ponte (que era o farmacéutico municipal de Culleredo). Tiñan tamén previsto facer mítines no Portazgo e no Burgo, pero non sabemos se se realizaron. (ANT 13-4-35, 25-7-35 e 2-11-35).

2. Asociacións culturais

23-7-31. **Ateneo de la Villa de Rutis**, de ideoloxía libertaria. O seu primeiro presidente foi Galán, e vicepresidente Ernesto Santiso Rodríguez (en 1933 e 1936, sería presidente). Santiso foi un destacado militante cenetista, dirixente do Sindicato de Petróleos e colaborador do semanario «Solidaridad Obrera». Sería condenado a 26 anos de cárcere a raíz dos sucesos revolucionarios de decembro de 1933, xa que foi, ó parecer, o que dirixiu o ataque ó cuartel da Garda Civil de Oleiros. Logo do triunfo da Fronte Popular sería amnistiado, facéndose lle un multitudinario recibimento na Coruña o 1 de marzo de 1936. Hai sen embargo, a pesares destes antecedentes, un certo claroscuro na súa actitude logo do triunfo da sublevación militar. Morrería durante a guerra (algúns din que asasinado) loitando no bando dos sublevados. O Ateneo de Rutis é a asociación cultural cunha vida máis activa en Culleredo.

pasando polos seus locais destacados oradores como Manuel Rodríguez Matos, José Villaverde, Plácido Rodríguez Castro, Ramón Suárez Picallo, Joaquín Martín Martínez, Eduardo Pérez Hervada, entre outros.

Novembro-1931. Está funcionando o **Centro Cultural do Burgo**, tamén libertario.

30-7-32. **Club Obrero. Sociedad Cultural**, na Corveira (Rutis). Impulsado polo Partido Comunista de España. Comisión organizadora: Eladio Freire García, Manuel Naya Regueira e José Suárez Vázquez.

1-10-34. **Sociedad Recreativa e Instructiva Liceo de Sésamo**. Presidente, Isolino Patiño (sería concelleiro coa Fronte Popular); secretario, Adolfo Veira.

28-4-36. **Sociedad Recreativa e Instructiva de Culleredo**. Enderezo: A Hermida. Presidente, José Vilar Sánchez.

2-6-36. **Ateneo Libertario Campo Libre**, de Almeiras. Pte., José María Galán Becerra.

1-2-35. **Centro Cultural y recreo de la Juventud Católica de Rutis (Vilaboa)** Presidente, José Muiños; secretario, Jorge Rey Galán. Presentouse ó público o 31.12-33, no Portazgo (Rutis), a **Escuela de Declamación del Portazgo**, funcionando, polo menos, durante parte de 1934. No Burgo, un **Cuadro de Declamación** durante uns anos. Experiencias teatrais esporádicas hainas con grupos en Ledoño. O Ateneo de Rutis tivo funcionando no seo unha **Rondalla** durante uns anos. En Almeiras, todavía actuaba durante a República a súa famosa **Música de Almeiras**.

3. Asociacións agrarias

6-2-31. **Liga de Campesinos Agrarios de San Martín de Sésamo**. Remite o regulamento, ó Goberno Civil, Francisco Martínez.

28-4-31. **Unión Mutualista Campesina de Rutis**, promovida por Manuel Martínez Pérez (coruñés, fora o célebre líder da anarquista **Unión Campesina** de 1907).

4-5-31. **Unión Mutualista Campesina de Culleredo**. Promotor: Manuel Martínez Pérez.

24-6-31. **Unión Mutualista Campesina de Celas**, promovida por Manuel Martínez Pérez.

30-7-31. **Unión Mutualista Campesina de Sésamo**. Promotor: Manuel Martínez Pérez.

Setembro de 1931: Consta que funcionaba en Almeiras unha **Sección de Ganaderos** relacionada coa Unión Mutualista Campesina.

4-2-32. A **Unión Campesina Republicana de Culleredo** estaba funcionando.

14-3-32. **Unión Mutualista Campesina de Almeiras**. Promotor: Manuel Martínez Pérez. Xa funcionaba meses antes unha sociedade gandeira relacionada coa **Unión**.

28-6-33. **Unión Agraria de Sésamo**, de ideoloxía dereitista.

22-7-33. **Unión Agraria de San Pedro de Ledoño**. De ideoloxía dereitista, vencellada á CEDA. Promotores: Manuel Pedreira, Daniel García e M. Naya.

25-8-33. **Unión Agraria de Santa María de Celas**. Vencellada á CEDA. Pres. en 1933: Juan Barbeito. Pres. en 1935: Benito Barbeito García.

6-9-33. **Unión Agraria de San Salvador de Orro**. Vencellada á CEDA. Prom.: Antonio Pardo, Francisco Parcero, Manuel García, R. Palleiro, José Lamas, Pedro Otero e Felipe ¿?.

5-10-33. **Unión Agraria de San Silvestre de Veiga**. Vencellada á CEDA. Enderezo: Boedo. Pres. Manuel Otón Monelos.

4-11-33. **Unión Agraria de San Esteban de Sueiro**. Vencellada á CEDA. Comisión promotora: Manuel Barbeito, Luis Botana, Emiliano Castro, Julio Reborido, José Chico, Manuel Gómez e Emilio Reboredo.

22-2-34. **Unión Agraria de San Esteban de Culleredo**. Vencellada á CEDA. Enderezo: Casa de Manuel Fafián. Prom.: Vicente Catoira, Andrés Pérez, José Ponte e Manuel Fafián.



Fig. 5.- Baile de disfraces no Ateneo de Rutis.

28-12-35. **La Mutua Campesina de Sueiro.** Enderezo: Lugar de Souto, casa de Emilio Reboredo. Promotor: Manuel Martínez Pérez. Xunta Directiva (11-1-36): Presidente, Andrés Romero Queijeiro; vicepresidente 1º, Sixto Landa; vicepresidente 2º, Manuel García Carril; vicepresidente 3º, Fernando Barbeito Barbeito; secretario, Ángel Manteiga Vázquez; vicesecretario, Antonio Naya Lozano; tesoureiro, Antonio López Loureiro; vicetesoureiro, Luis González; contador, Emilio Reboredo Pan; vicecontador, José Precedo; vocais, José Barbeito Gómez, Manuel Rumbo Vázquez, Manuel Muiños Rodríguez, Ángel Barbeito Pedreira, Juan Reboredo Ponte e Francisco Arcay.

19-4-36. **La Unión Agrícola de Celas.** Presidente, Antonio Martínez.

4. Asociacións gandeiras

23-8-32. **La Protectora de seguros mutuos de ganado vacuno de Rutis.** Presidente, Enrique Santos Vieiro; vicepresidente, José Ramallo Naya; secretario, José Martínez Cotelo; vicesecretario, Salvador López Souto; tesoureiro, Benito Veira Gómez; vicetesoureiro, José Míguez Vázquez; secretario de rexistro, José Souto Iglesias; vicesecretario de rexistro, Juan Veira Gómez; vixiantes, Ramón Galán Guitián, Pedro Pedreira Naveira, José Castelo Manteiga, Julio Gómez Aguiar e Gregorio Agra Naya; inspectores, Ricardo Galán Otero, Jesús Galán Guitián, Manuel García Otero, Manuel Candamio Fernández, Manuel Rey Regueira e Manuel Castelo Moreno.

17-2-33. **El Progreso. Sociedad de seguros mutuos de ganado vacuno. (Rutis).** Presidente, Ramón Seoane Vázquez; vicepresidente, José García Mosquera; secretario, Antonio Rubal Trigo (sería concelleiro entre xaneiro e marzo de 1936); vicesecretario, Rogelio Muiños Cebeira; contador, Jorge Bermúdez de Castro y Picos (sería o primeiro alcalde do franquismo); vocais, Manuel Rey Regueira, José Suárez Meis, Antonio Areosa, Domingo Parada Couce e Manuel García Mosquera.

30-3-33. **La Protectora. Sociedad de amigos del ganado vacuno (Celas).** Presidente, Clemente Patiño (foi un dos promotores); vicepresidente, Benito Barbeito García; secreta-

rio, Ramón Barbeito Novo (promotor); vicesecretario, Antonio Martínez Uzal (promotor); vocais, Manuel Naya Rumbo (promotor), Juan Lozano, Manuel García Parceró, Alejo Sánchez García, Jesús Portas López, Manuel Rumbo Pardiñas, Felipe Romero Reboredo, José Sánchez Ponte. Tamén fora promotor Juan Hermida.

16-12-34. **Unión Ganadera de Almeiras.** Presidente, Manuel Lantes.

7-10-34. **Unión Ganadera. Sociedad de seguros mutuos de ganado vacuno de Almeiras.** Presidente, José María ¿Fernández?; secretario, Arturo Botana.

5. Sindicatos

22-10-31. **Sociedad de Trabajadores de la Tierra de Celas.** Probablemente relacionada coa UXT. Remite o regulamento ó Goberno Civil Benito Pedreira.

24-3-32. **Unión Campesina de Almeiras. (Sindicato de agricultores da CNT).** Comisión organizadora: Manuel Carregal, Manuel Castro.

4-8-32. **Hermanidad para obreros de la Sociedad Anónima CROS. Fábrica de La Coruña.** Conservadora. Remite o regulamento Pedro Prat Pons (o 6 do 11 de 1933 todavía non estaba aprobado). Setembro de 1932: Intégrase na Federación Comarcal de San Pedro de Nos, da CNT, o **Sindicato** que esta tiña en **Sueiro** (fonte: Dionisio Pereira).

Decembro de 1932: **Agrupación local de la Alianza de Labradores (Celas-Culleredo).** Estaba promovida polo Partido Republicano Radical Socialista. Presidente, Antonio Torrado Matalobos (síndico coa Fronte Popular); vicepresidente, Manuel Fariña Campelo (concelleiro coa Fronte Popular); secretario, Juan Pan Lozano; tesoureiro, Enrique Iglesias Rodríguez (mestre de Celas); vocais: Evaristo Pedreira Varela (3o tenente de alcalde coa Fronte Popular), Francisco Reboredo e Manuel Marta.

1932, aprox. **Sociedad de agricultores La Fraternidad Campesina (Orro).** Probablemente relacionada coa CNT. Presidente, Manuel Salgado Gómez; vicepresidente, Serafín Gantes Salgado; secretario, Jacinto Parga; vicesecretario, José Rodríguez; contador, Pedro Otero García; tesoureiro, Alfonso Salgado; vocais: Serafín Gago, Jacinto Salgado e Emilio Pan.

1932, aprox. **Sindicato Unión de Industrias Químicas (O Burgo).** Presidente, Manuel Montero Germade; secretario, José González Gómez; tesoureiro, José Jaspe Dans; contador, José Santos Longueira; vocais: Manuel García Rey e José García Vázquez.

1932, aprox. **Sindicato de Campesinos y Oficios Varios del Burgo y contornos. (CNT).** Pte., Ramón Pallarés Campelo; secretario, José Mariñas Campos; vicesecretario, Justino Álvarez Laverduro; tesoureiro, Pedro López Souto; vocais, Manuel Santiso Maceira, Francisco Mariñas e Manuel ¿?

1933, primavera. Intégrase na Comarcal de San Pedro de Nós, da CNT, a **Unión Agraria de Sésamo.** (Segundo Dionisio Pereira). Pensamos, sen embargo, que debía ter outro nome, xa que as Unións Agrarias eran todas de dereitas.

26-6-36. **Sindicato de Campesinos y Oficios Varios. (Celas) (CNT-AIT).** Promotores: Ramón Gómez, Emilio Novás e Crisanto López.

7-7-36. **Sociedad de Trabajadores de la Tierra y Oficios Varios de Celas.** Probablemente relacionada coa UXT. Presidente, Francisco Pena Patiño.

En 1936, segundo Dionisio Pereira, había sindicatos cenetistas en Celas, Sésamo, Sueiro, Vilaboa, Castro-Laxe (fora presidente unha persoa apelidada Candamio e tiña a sé na escola), Almeiras (fora presidente Pedro Vázquez, follalateiro, estando o local onde «A Parra»), Culleredo e Orro. Estes sindicatos, na maior parte das ocasións, non se legalizaban, daí que non figuren nos libros do rexistro de asociacións do Goberno Civil.

6. Varios

3-11-31. **Comité Regional Gallego para la defensa de la República Española.** (Tiña a sé na Coruña). Secretario xeral, Manuel Dovaio Nogueira (domiciliado en Orro); tesoureira, María Dosinda Verdía (mestra de Orro, tivo problemas coa Corporación republicana; logo do triunfo da sublevación reconvírtese); vocais, Manuel Dovaio, Dosinda Verdía, Luis González, Celso Franc. Tiveron adhesións de Victoria Kent, Clara Campoamor, Basilio Alvarez, Angel Gaiarza e Miguel Maura, e dos directores dos xornais «La Patria» (Madrid), «Heraldo de Madrid», «La Zarpa» (Ourense), «El Pueblo Gallego» (Vigo), «Heraldo Guardés», e outras persoas.

25-8-33. **La Benéfica. Sociedad de socorros mutuos de Culleredo.** Ámbito: Culleredo, Almeiras, Rutis, Sésamo, Sueiro e Sigrás. Promotores: Manuel Losada Sexto e José Gómez.

13-4-34. **Asociación de Mutualidad Transportista de Rutis.**

Promotores: Jesús Blanco

Míguez, Manuel Candamio Fernández, Tomás Suárez Fernández, Manuel Brañas Barbeito, José Gómez Vázquez, Andrés Brañas Barbeito, José Muíños Fernández e José Regueira Rey.

7. Sociedades deportivas

Aínda que ningunha aparece legalizada, funcionaron durante a Segunda República (algún era anterior) moitos equipos de fútbol, entre modestos e infantís:

Sporting Burgo. Existía anteriormente. En 1932 era o seu presidente José María Louzán (alcalde de Culleredo en 1936 coa Fronte Popular e presidente de **Izquierda Republicana** no Burgo, como xa vimos).

Athletic Burgo. Fundouse en 1934. Era un equipo infantil.

Unión Sporting de Alvedro. Existía nos anos 20.

Finais de xuño de 1932. O **Rácing de Almeiras** xoga o seu primeiro partido. Era o seu presidente Antonio Rumbo.



Fig. 6.- Vista de Vilaboa nos anos 30. Á esquerda, fronte ó poste do alumado, a Casa Consistorial.



Fig. 7.- Vista de Vilaboa a comenzos da Segunda República.

Once Canarias de Rutis. Xa existía antes da República. A súa directiva, elexida o 28-8-31 foi a seguinte: Presidente, Antonio Ramallo Moscoso; secretario, José Maceiras Rama; tesoureiro, Antonio R. Gómez; vocais, Silvestre García, Benito Ramallo, Cándido Seoane e Antonio Fariña.

Celta de Rutis. Existía nos anos 20. En 1931 tiña o local social en Conduzo, na casa de Antonio Rumbo. A primeira xunta directiva completa que coñecemos da época republicana foi elexida a comezos de xullo de 1932, e estaba presidida por Manuel Abeleira (que resultou reelexido, sendo, pois, presidente no ano 1931); era vicepresidente Manuel Maceiras, secretario Antonio Mouriño, contador Emilio Agra, tesoureiro Juan Debén e vocais Manuel Riobóo Meis e Eugenio Regueiro (tamén cobrador). O adestrador era Antonio Rumbo.

Rápido FC de Rutis. Fundouse a comezos de 1933, sendo o seu primeiro presidente Ramón Rey.

Portazgo FC (Rutis). Existía nos anos 20. En 1935 tivo unha reorganización, elexindo a seguinte Directiva: Presidente, Enrique Vicente; secretario, Roberto Carballo; contador, Antonio Parada; tesoureiro, Teodoro Viñuelas.

Cilaurren FC (Portazgo-Rutis) de infantís. Fundouse en 1934, presidíndoo Federico Cazor, tendo a sé en Casa Obanza e sendo o seu capitán José Pérez.

Athletic Culleredo. Probablemente anterior a 1931. En 1934 estaba presidido por Antonio Sánchez García.

Athletic Unión Recreativo y Deportivo Ledoño. Existía a comezos da República.

Unión de Rutis. A primeira noticia que temos deles é do 7-4-33. Era de infantís.

3-7-36. Fúndase o clube **Once Manechos (Portazgo-Rutis)**. A súa primeira Directiva estaba composta por: Presidente, Curís; tesoureiro, Monche; vocais, Chiruco e Calzas; capitán, Chino.

Once Piruleiros de Rutis, de infantís. Existía en 1933.

Sporting Rutis. Existía en 1935.

Fóra do fútbol, existía en Rutis un **Club de Chave**, que organizaba torneos na comarca xa en 1932.

8. Asociacións relixiosas

Non hai moitos datos de asociacións de tipo relixioso neste tempo. Só atopamos funcionando, polo de agora, a **Asociación catequista de Santiago del Burgo**, pero supoñemos que entidades destas características habería noutras parroquias cullerdenses.

Como vimos de comprobar, o movemento asociativo en Culleredo na Segunda República é extraordinariamente prolífico, vigoroso. Non é de extrañar que moitas das persoas citadas aquí sufriran nas súas propias carnes a represión, o exilio e, lamentablemente en bastantes ocasións, o martirio.² Vaia a nosa lembranza para eles.

²Algunha destas persoas foron obxecto de recoñecemento por parte do Concello de Culleredo, adiciándoseles algunhas das súas rúas; é o caso de Electo Carballo Matos, José María Louzán Martínez, Manuel Lastres Abente, Jesús Mejuto Vázquez, Manuel Candamio Fernández ou Andrés Pan Vieiro.